

A ENTREVISTA

CONCHA PINO

Henrique Monteagudo, novo secretario do Consello da Cultura Galega

É o segundo de bordo. Henrique Monteagudo Romero é o novo secretario xeral do Consello da Cultura Galega. Con el coróase, dalgún xeito, o proceso de axustes internos, de crecemento e dinamización da institución, que se iniciou hai catro

anos, cando o escritor Carlos Casares foi elixido presidente. Unha das tarefas que ten por diante este activo profesor de Filoloxía Galego-Portuguesa é «correxir-la tendencia de que cada ponencia ou sección vaia librando batallas pola súa conta».

«O Consello tense que abrir máis»

A Henrique Monteagudo multiplícase o traballo. Ten que compatibilizar o seu labor docente como profesor titular de Filoloxía Galega e Portuguesa na Universidade de Santiago coa dirección do Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística e coa coordinación da ponencia de Lingua do propio Consello da Cultura. Vaino tentar, «pero non me parece posible que vaia poder atender a todo».

—¿Está representada no Consello a cultura real do país?

—A composición do Consello é un asunto da Lei da súa creación, do ano 83. E calquera modificación que afecte o disposto na Lei é competencia do Parlamento de Galicia. Dende o Consello somos conscientes que unha das carencias á que pensamos poñerlle remedio este ano é que non temos unha ponencia sobre creación literaria, edición o do mundo da lectura e bibliotecas. E pode dar pé a que esteñan representados algúns sectores como a asociacións de editores, de escritores en lingua galega, o PEN Clube...

—¿É a única carencia?

—Non, pero corrixiríase unha carencia clamorosa, aínda que non podería ser no plenario do Consello. Sería bastante delicado intentar corrixir a composición do plenario, porque afecta á Lei e porque se abriría un capítulo que podería ser problemático e polémico, como de feito resultou no seu día, porque non é posible que esteñan tódalas entidades e organizacións.

—A relación do Consello da Cultura co poder político semella ser estreita ¿En que termos está plantexada?

—O Consello da Cultura se lle atribuíu un papel de fiscalizador da política cultural do goberno que penso que non lle corresponde. É labor da oposición, dos políticos. Nós temos un papel máis de reflexión de fondo sobre a vida cultural galega. E logo temos un papel moi claro de asesoramento, algo que ata o de agora, e na miña impresión, entendeuse como de asesoramento ó goberno galego, cando é ós poderes públicos en xeral, e polo tanto á Xunta, ó Parlamento de Galicia e a outras institucións



XOÁN A. SOLER

O profesor Henrique Monteagudo, secretario do Consello da Cultura

coma son os concellos.

—Nunha palabra, abrirse á sociedade.

—Si, penso que unha das tarefas do Consello é a de abrires máis á sociedade, que non apareza como un organismo cunha relación bilateral co goberno galego, porque non é ese o seu papel. Ábrese unha etapa nova. O Consello atravesou

bastantes problemas internos, e os proxectos cos que chegou Carlos Casares á presidencia quedaron relegados pola urxencia de levar a cabo unha reestruturación interna que xa está feita ou encamiñada.

—¿En que medida depende esa proxección social da dinamización interna do propio Consello?

—Creo que, efectivamente, primeiro hai que ter a conciencia, o desexo de facelo. E logo hai que poñer medios. E últimamente o Consello da Cultura Galega ten tomado bastantes iniciativas que están nesta vía, que tentar estar máis en contacto coa cultura de a pé, con encontros e xornadas, e dando entrada nos proxectos das ponencias á participación de entidades e organismos culturais vivos de todo o país. Déronse pasos moi importantes nese sentido, e hai que profundizar por aí, reforzando e explotando a capacidade desta institución como foro de encontro entre as distintas posicións, creando as condicións internas para dinamizar o traballo e para unha coordinación maior das ponencias.

—¿Mantendo a súa autonomía de funcionamento?

—Queremos intentar, respectando o traballo de cada ponencia ou sesión, que haxa maior transversalidade, máis contacto dos integrantes dunhas cos das outras, e promover proxectos que involucren ó conxunto da institución.

—¿Lonxe da concepción oficialista da cultura?

—Estamos nun proceso de apertura á sociedade e tamén a unha concepción nova da cultura, afastada da cultura institucional e museística, da visión estática e monumental da cultura en favor doutra máis dinámica como proceso que involucra a moita xente.

«A Cidade da Cultura está baldeira»

O Consello da Cultura leva xa algún tempo tentando un achegamento á sociedade, mediante propostas e iniciativas que implican a colectivos sectoriais.

—¿Pensa que esta tendo resposta?

—En xeral si. Hai moita xente que xa é consciente desta necesidade, e que ademais queda moi contenta cando se lle facilitan os medios para resolver cuestións que trascenden do ámbito inmediato ou dun só sector. E hai outra xente que nin sequera se daba conta da posibilidade de contar co Consello da Cultura como canle ou intermediario, pero que cando lle presentas propostas reconecen que, efectivamente, faltaban cousas. Un exemplo deso é o papel que xogou o Consello para elaborar o proxecto para a creación da Escola de Arte Dramática, no que implicou ós diferentes sectores teatrais de Galicia

para elaborar a proposta que logo trasladou á Xunta de Galicia, de quen depende a creación deste centro.

—¿E que papel xoga o Consello en proxectos coma o da Cidade da Cultura?

—Neste tema só podo falar a nivel persoal, porque o Consello da Cultura Galega como tal non discutiu o tema nen ten participado na concepción do proxecto. Agora mesmo hai algunha xente que pertence ó Consello que forma parte dalgunha das comisións de traballo que se constituíron hai pouco para darlle contido ó proxecto. Persoalmente, e ó fío dos debates que suscitou este proxecto, non me preocupa tanto a idea en sí, como un referente cultural, como que está baleiro, que non naceu como froito dunha reflexión previa sobre o que necesita o país. Semella máis unha operación de relumbrón.

GUARDERÍA (0-3 anos)

Ed. Infantil (3-6 anos)

Primaria

E.S.O.

Bachilleratos

C.O.U.

Titulos oficiais de FORMACION PROFESIONAL

SANITARIAS

- Prótesis dental (2 Años).
- Higiene dental (1 Año).
- Dietética y nutrición (2 Años).
- Aux. de enfermería (1 Año).
- Documen. Sanitaria (1 Año).
- Salud Ambiental (2 Años).

DEPORTIVAS

- Técnico superior en Actividades físicas y deportivas (2 Años).
- Técnico en conducción de actividades en el medio natural (1 Año).

INFORMÁTICA

- Técnico superior en Administración de Sistemas Informáticos (2 Años).



- Tutorías individualizadas.
- Laboratorios de idiomas.
- Aula mediambiental.
- Inglés, Francés y Alemán.
- Programa de psicomotricidad y música.
- Informática desde educación infantil.
- Gabinete Psicopedagógico con apoyo individualizado.
- 15 alumnos media profesor.
- Técnicas de estudios.
- Estudios dirigidos.
- En plena naturaleza: con Equitación, Natación, Patinaje, Golf, Baloncesto, etc...

Residencia internado

(masculino - femenino).

Externos

Comedor escolar

Menús supervisados por Dietistas.

Transporte escolar

propio desde Santiago, Noya, Negreira, Ios Angeles, Brión, Bertamirán, Teo, Rois, Padrón, Puenteareas, Arzúa, Estrada.

**Colegio
Sta.
Apolonia**
Educación de Alto Nivel

C/ Poza Real, 5. La Rocha. Conxo
15706 Santiago de Compostela
Tels. 981 52 0273 - 981 52 1357.
Fax 981 52 2040
Cafetería Hipica - 981 52 0312

Internet:
<http://www.futurnet.es/santapolonia>
E-Mail: apolonia@futurnet.es